

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, A UNIVERSIDADE DE CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR FINALISTA NAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DO ERC NO MARCO DO H2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de xuño de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer, dentro do *Programa Oportunius*, o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Universidades, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo que permita reforzar a actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nas convocatorias de axudas StG (Starting Grants), CoG (Consolidator Grants) e AdG (Advanced Grants) do ERC dentro do programa europeo de I+D+i Horizonte 2020 e non obtivo financiamento.



O obxectivo é ofrecer ás universidades fondos destinados a apoiar a actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nunha das referidas convocatorias do ERC.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. A Axencia Galega de Innovación (GAIN) ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.
2. A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de acordo co Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da mesma (DOG nº 13, do 18 de xaneiro). Nese marco, correspóndelle velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de



innovación e, singularmente, a promoción das universidades galegas no establecemento de programas en materia de investigación.

3. Os programas de financiamento xestionados polo ERC (Consello Europeo de Investigación) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexen realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 28 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:

- ERC Starting Grants (StG): apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
- ERC Consolidator Grants (CoG): apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente .
- ERC Advanced Grants (AdG): apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.

Na actualidade, en Galicia son as universidades os principais organismos de investigación con investigadores que obtiveron algunha das axudas do ERC.

4. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o Programa Oportunius; este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición dos



investigadores un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

a) *Atracción da excelencia*: captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente (posuídores dunha bolsa ERC) mediante:

a.1) A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do ERC.

a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de bolsas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

b) *Apoio á excelencia*: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibiran financiamento. Dotarase ao investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.

c) *Fomento da excelencia*: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ao investigador formación e asesoramento para a preparación e preparación de propostas ao ERC co obxecto de incrementar as posibilidades de obtención dunha bolsa desta natureza.

5. En execución da actuación a.2) do Programa Oportunius, antes citada, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Universidades, dende o ano 2012 ven apoiando ao persoal investigador dos programas Grants complementado as axudas recibidas do



Consello Europeo de Investigación para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

GAIN e a Secretaría Xeral de Universidades en execución da actuación b)- Apoio á Excelencia do Programa Oportunus, obxecto deste convenio, queren recoñecer o labor do persoal investigador que, cumprindo as condicións do programa desenvolve a súa actividade no ámbito do Sistema Universitario de Galicia.

6. Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación, concede a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo axudas por un importe total de 150.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.744.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2018 e 2019 de acordo coa seguinte distribución por beneficiario:

	Nº FINALISTAS	ANO 2018	ANO 2019	TOTAL
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	1	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	1	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
UNIVERSIDADE DE VIGO	1	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
TOTAL	3	75.000,00 €	75.000,00 €	150.000,00 €

O presente convenio ten carácter plurianual, polo que precisa a autorización do Consello da Xunta de Galicia conforme ao establecido no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na disposición adicional segunda da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia`.

7. Os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que estase a fomentar a participación de investigadores con traxectorias científicas prometedoras en convocatorias no ámbito dos programas do Espazo Europeo de Investigación e de prestixiosas institucións europeas, co fin de situar



a investigación galega na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixo fundamental do desenvolvemento económico e social de Galicia.

8. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia as principais entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con investigadores con subvencións vixentes do ERC e con investigadores que superaron a primeira fase do proceso de avaliación das citadas bolsas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 6 de novembro de 2018.

